

***O Proxecto Educativo
do Centro
Colexio "Tirso de Molina"***



Mercedarios - Ferrol (A Coruña)

1.- PRINCIPIOS XERAIS **(A NOSA RAZÓN DE SER)**

O Colexio “Tirso de Molina”, pertencente á Orde da Mercé – Provincia de Castela, expresa a súa **identidade** nos seguintes principios xerais que inspiran a nosa acción educativa:

A) **Como centro educativo** colabora cos fins que a sociedade civil asigna ó seu sistema educativo inspirado nos seguintes principios:

1.- A igualdade de oportunidades (esixencia da xustiza) nunha educación de calidade para todos/as os/as alumnos/as, no respecto ós principios democráticos de convivencia e ós dereitos e liberdades fundamentais.

2.- A transmisión dos valores que serven de fundamento á liberdade persoal, á responsabilidade social, á igualdade e á solidariedade mediante a participación na sociedade civil.

3.- A concepción activa da educación como elemento compensador de desigualdades persoais e sociais.

4.- A participación corresponsable dos distintos sectores da comunidade educativa no ámbito das súas correspondentes competencias e responsabilidades, como medio para a consecución dos obxectivos da educación.

5.- A concepción da educación como proceso permanente que obriga a dirixir a acción docente cara ó desenvolvemento de capacidades para aprender a aprender.

6.- A concepción de que a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor dos/das alumnos/as han de fundamentarse nun alto sentido da responsabilidade e en hábitos de esforzo persoal.

7.- A convicción de que o esforzo pola cultura, como actitude imprescindible da aprendizaxe e medio indispensable no proceso educativo, debe culminar na cultura do esforzo, vinculada á cultura do traballo, a laboriosidade como obxectivo actitudinal e valor permanente para a vida.

8.- O fomento e promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa (como expresión da preocupación constante por unha metodoloxía actualizada), xunto coa flexibilidade de estruturas e organizacións, farán posible adaptar a acción docente ás necesidades cambiantes da sociedade e dos/das alumnos/as.

9.- O recoñecemento da función docente como factor esencial de calidade de educación, sen obviar o papel central da persoa do alumno/a no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

10.- A eficacia do centro está vinculada á capacidade do mesmo para avaliar os seus deseños, a súa organización e o proceso de ensinanza-aprendizaxe.



B) **Como centro católico** asume a misión de educar como unha **participación na misión de Xesús e no seu envío**, como una verdadeira evanxelización. Nela facemos realidade a **memoria de Xesús** que nos encargou: “Ide e ensinade” (Mt 28,19). Funda, por tanto, a súa acción educativa nos seguintes principios:

1.- Pretendemos facer presente á Igrexa no campo escolar, por ilo perseguimos os fins culturais e a formación humano/cristiá da infancia e da xuventude.

2.- Queremos alumar dende a fe o coñecemento que os/as alumnos/as van adquirindo do mundo, da vida e do home/muller, pero tendo en conta que a cultura humana e as ciencias do saber teñen a súa autonomía e metodoloxía e, polo tanto, deben ser expostas con obxectividade.

3.- Pretendemos favorece-lo desenvolvemento integral e harmónico da personalidade do alumno/a a través dun proxecto coherente e global onde se fundan harmónicamente fe, cultura e vida, e que abarca a formación intelectual, afectiva, moral e relixiosa.

4.- Desexamos formar homes e mulleres novos, capaces de coller nas súas propias mans a marcha da historia, do mundo e da Igrexa, de modo que sexan constructores/as e realizadores/as da **civilización do amor**.

5.- Desexamos formar persoas con actitude e capacidade de denuncia e profetismo perante algúns valores dominantes da sociedade que non humanizan á persoa. Que cultiven os valores do espírito e recuperen o silencio como ámbito de relación co trascendente.

6.- Considerámo-lo fenómeno da inmigración como un medio importante para unha educación intercultural e integradora, como unha oportunidade gozosa para a comprensión e estima das realidades en que vivimos.

7.- Queremos converte-lo noso centro en ámbito de diálogo, animados polo espírito de caridade e liberdade, no que se recollan as inquietudes e planteamentos dos homes e mulleres do noso tempo.

8.- Os/as educadores/as, como persoas e como comunidade, son os primeiros responsables en crea-lo peculiar estilo cristián do colexio.

9.- Ofrecemos, coa nosa acción educativa, un servizo á sociedade e á evanxelización da Igrexa, conscientes de que a ensinanza cristiá é a que pode labrar o positivo benestar, a verdadeira sorte da sociedade e dos individuos.

10.- Dende a nosa inspiración cristiá ofrecemos un modelo de educación liberadora/humanizadora que favorece o respecto e a promoción dos valores humanos e evanxélicos (amor/caridade, xustiza, liberdade, solidariedade, ledicia, sinxeleza, disponibilidad, servizo, paz,...)



C) **Como centro mercedario** quiere dar continuidade ó proceso histórico iniciado por San Pedro Nolasco (Fundador da Orde da Merced), en 1218, en términos de hoxe e ofrecer luz sobre o porqué do noso proceder no mundo educativo. Son, pois, fundamentos específicos do noso estilo educativo:

1.- Unha entrega total dos/as educadores/as á tarefa da educación con espírito de gratuidade, paciencia, autenticidade, entusiasmo e amor ós/ás alumnos/as. Isto supón unha atención á súa persoa trascendendo o rendemento académico e colaborando, de xeito eficaz, na acción educativa dos pais.

2.- Un clima de ledicia e amizade que brota do diálogo e a liberdade de expresión, e tradúcese nun trato respectuoso, sinxelo e próximo entre todos/as os que forman a comunidade educativa e que fai posible a vivencia dos valores en que queremos educar.

3.- Queremos construír un mundo máis xusto, humano, fraterno e ceibe, por isto queremos contribuír á instauración da xustiza, facendo operativas as esixencias da mesma, dun xeito especial, na vida escolar de cada día, o que conleva á esixencia dunha conduta responsable, liberada de condicionamentos persoais e sociais.

4.-A finalidade da misión educativa mercedaria é ofrecer formación **INTEGRAL** e **LIBERADORA**, de tal maneira que a acción educativa e a testemuña de os/as educadores/as sexan unha invitación constante a medrar en liberdade segundo o Evanxelio.

5.- Apostamos por unha **EDUCACIÓN LIBERADORA** que abre ás persoas ó uso responsable da súa liberdade e ó respecto á liberdade dos demais. Á luz das grandes escravitudes – cautividades – que atenazan o noso mundo a educación cobra para nós, como mercedarios, unha importancia extraordinaria, como plataforma liberadora e anuncio da Boa Nova de Xesús.

6.- Fomentámo-lo amor á nosa **Nai da Mercé**, como modelo para os crentes de muller libre e liberadora, comprometida coas necesidades do seu tempo; transmitindo a sinxeleza e ledicia de María; vivindo como Ela ó servizo da Palabra.

7.- Ofrecemos posibilidades concretas de actuación e canles de participación no espírito mercedario.


8.- Estamos abertos/as a todos/as aqueles/as que queren orienta-la súa vida segundo o Evanxelio; dun xeito preferencial, queremos que os “pequenos”, os pouco capaces, os desmotivados, os carentes de recursos de calquera tipo atopen en nós a axuda necesaria que lles permita medrar como persoas.

9.- A forza integradora do noso centro radica na comunidade educativa. A educación é obra de toda a comunidade educativa. Tódolos membros que a forman (alumnos/as, pais/nais, educadores/as e persoal non docente e colaborador) son membros activos da tarefa educativa. Educamos dende unha comunidade educativa que forma ás persoas para o comunitario.



2.- FINALIDADES.(OBXECTIVOS XERAIS)
(PERFIL DO ALUMNO/A QUE QUEREMOS FORMAR)

Inspirado nos principios xerais citados anteriormente, o Colexio “Tirso de Molina” propónse, como finalidades da acción educativa, facer posible que os/as alumnos/as, ó término da súa escolaridade no centro, acaden un nivel de maduración que concretamos nos seguintes trazos de personalidade:



1.- DIMENSIÓN COGNITIVA OU DO SABER.

a) O coñecemento dun/dunha mesmo/a

- que comeza polo coñecemento do corpo.
- segue co coñecemento da propia forma de ser, das verdadeiras capacidades e limitacións persoais.
- e culmina coa comprensión do propio ser como persoa.
- descubrindo que a nosa forma de ser ten como base unha escala de valores.
- que estrutura-la nosa personalidade pasa por recoñecer e aceptar uns mínimos valores humanos universais.

b) Coñecer e interpreta-lo medio físico

- a través das leis e mecanismos que o rixen, así como das técnicas de estudio, de investigación e de experimentación que lle permitan avanzar de forma permanente no seu coñecemento.
- supón o exercita-lo pensamento baseado en hipóteses e descubrir estratexias para comprobalas, para poder distinguir entre o baseado na intuición e aquilo que ten certa base de certeza e pódese comprobar.
- tomar conciencia de que para desenvolve-lo pensamento (coñecer e interpretar) hai que dotarse de recursos e estratexias de axuda.

c) Coñecer e interpretar criticamente o medio social

- pasa por coñece-los distintos mecanismos de funcionamento, os rasgos culturais e os valores que rixen ás sociedades nos distintos contextos históricos.
- facelo liberados/as de condicionamentos persoais e sociais.
- reflexionar sobre os comportamentos sociais en función dos valores, apreciando que as persoas e colectivos sociais teñen distintas escalas de valores e que na sociedade os valores son cambiantes.

***A confianza en si mesmo
é o primeiro segredo do éxito***

Ralph Waldo EMERSON



2.- DIMENSIÓN DO SABER FACER.

a) Dominio do propio corpo

- mediante un adecuado desenvolvemento da psicomotricidade e os costumes relacionados coa saúde.
- estimulando o aprecio da saúde e a hixiene persoal como algo esencial.
- evitando todo tipo de dependencias (alcohol, droga, tabaco, xogo...) perxudiciais para unha vida sá e de calidade.

b) Dominio técnico de obxectos e instrumentos

- especialmente das relacionadas coas novas tecnoloxías da información e comunicación.
- facéndoo con capacidade crítica e discernimento, como medio de resposta ante a manipulación informativa.
- descubrindo que o seu emprego posibilita a ruptura de barreiras sociais e xeográficas da comunicación permitindo expresar, cooperar, dialogar, intercambiar,...
- sendo conscientes da posibilidade que teñen de imposición de valores por parte de grupos maioritarios e poderosos.

c) Dominio das habilidades sociais

- que lle permitan desenvolverse de forma fluída e creativa cos demais: asertividade, flexibilidade, adaptabilidade, comunicación, autodomínio, capacidade de convivencia e aceptación libre das normas.
- incrementando a confianza e a seguridade persoal para saber xerar solucións creativas ante as situacións conflictivas cotiás.
- adoptando actitudes de tolerancia perante as diferentes formas de ve-los problemas e situacións.



*A ignorancia
separa ós homes,
mentras que a ciencia
os achega*

Luis PASTORI

*A ciencia
pode descubri-lo
que é certo,
pero non o que é bo,
xusto e humano*



3.- DIMENSIÓN ESTÉTICA.

a) Desenvolvemento do bo gusto

- no coidado equilibrado do propio corpo, dende unha visión crítica dos estereotipos sociais e dende a aceptación básica da propia imaxe.

b) Desenvolvemento da capacidade de admiración, contemplación e goce estético

- diante das manifestacións naturais e ante as humanas de contido artístico.
- desenvolvendo a capacidade de creación estética.

- fomentando actitudes de respecto e mellora do medio ambiente.

c) Desenvolvemento da capacidade de admiración, contemplación e gozo estético

- do patrimonio histórico e cultural da sociedade á que pertence, así como do doutros pobos.
- valorando a diversidade lingüística como riqueza, fomentando o uso da lingua galega e a valoración das súas manifestacións culturais e literarias.
- fomentando actitudes de respecto e mellora do patrimonio artístico e cultural.
- aceptando a multiculturalidade, que supón comprensión e estima das distintas realidades sociais.



4.- DIMENSIÓN AFECTIVA.

a) Desenvolvemento dunha imaxe positiva de sí mesmo/a

- conducente a un adecuado nivel de autoestima dende o que o/a alumno/a poida acepta-las súas limitacións e potencia-las súas capacidades.
- actuando segundo a súa identidade persoal, dende o seu propio contexto persoal e social.

b) Capacidade de usa-las cousas e os bens de consumo

- en función de necesidades reais, e superando as dependencias afectivas respecto deles.

- desexando posuír só aquilo que poidan posuír e ser cada día máis persoas.
- evitando ser escravos/as do marketing comercial, da moda e o consumo desmedido de marcas.

c) Capacidade de crear vínculos estables cos demais

- a través do diálogo e da escoita.
- integrándose nos grupos de pertenza.
- establecendo relacións a través das cales se aprenda a dar e a recibir, a dar sen recibir e a entregarse de forma comprometida.
- fomentando actitudes de dispoñibilidade e servizo, tamén no académico, os meus saberes, as miñas calidades son para compartilas.

*A moda é o rito
co que esixe ser adorado
o fetiche da mercancía*

Walter BENJAMIN



5.- DIMENSIÓN SOCIAL.

a) Desenvolvemento do sentimento de pertenza

- ós distintos grupos cos que está vinculado, sen perda da propia identidade nen da autonomía persoal.
- valorando a familia como o primeiro e o máis importante grupo ó que pertence.
- descubriendo os valores que permiten cultivar boas relacións de amizade.

b) Desenvolvemento de actitudes de respecto e de coidado responsable

- dos bens comúns e do medio físico.
- fomentando comportamentos de uso responsable, conservación e mellora.

- adoptando actitudes solidarias e de respecto co que nos rodea.

c) Desenvolvemento de actitudes democráticas

- así como da equilibrada toma de conciencia de deberes e dereitos.
- e a superación de prexuízos e estereotipos sociais, como base da interacción social.
- desenvolver a capacidade de traballar en colaboración cos demais, potenciando o traballo cooperativo.
- desenvolvemento dunha actitude profética e de denuncia das manipulacións sociais, que nos impiden ser realmente libres.
- fomentando a cultura da paz e non violencia, que supón responder de xeito pacífico ós actos de violencia.



6.- DIMENSIÓN ÉTICA.

a) Desenvolvemento progresivo dunha conciencia moral autónoma

- que permita ó alumno/a levar a cabo a incorporación persoal dos valores éticos e responder ante sí mesmo/a dos deberes que estes exixen.
- desenvolvendo a responsabilidade persoal, asumindo de xeito libre os seus propios actos e consecuencias.
- respondendo cunha actitude de esforzo persoal ante o que vale realmente na vida.

b) Desenvolvemento de actitudes de respecto e de defensa da vida

- así como da utilización dos medios físicos cos que interactúa en función de fins naturais.

c) Desenvolvemento dunha conciencia clara do valor persoa

- que permita ós/ás alumnos/as responder ante os demais con actitudes de respecto, de xustiza, de solidariedade, etc.
- e que os introduza, chegado o caso, a tomar parte en accións comprometidas de axuda dentro dos grupos de voluntariado.



**BUSCANDO O BEN
DOS NOSOS SEMELLANTES,
ATOPÁMO-LO
NOSO**

PLATÓN

7.- DIMENSIÓN RELIXIOSA

a) Capacidade de cultiva-la experiencia da trascendencia relixiosa individual

- así como a intimidade relixiosa ante a oración.
- fomentando e propiciando os espazos e as experiencias de silencio, como medio para atoparse cun/cunha mesmo/a e relacionarse con Deus.
- cunha actitude crítica ante a inmediatez e presentismo vital da sociedade actual, que impide actuar con paciencia e ter esperanza nos froitos das nosas actividades e accións.

b) Desenvolvemento dunha visión cristiá da realidade e do entorno

- que lles permita ler e interpreta-los datos da ciencia e da cultura dende claves evanxélicas. (Lectura crente da realidade).
- A visión cristiá da vida supón:

- a) Afronta-la vida con ledicia, optimismo e bo humor.
- b) Vivir en clave de esperanza, sendo capaces de esperar contra toda esperanza.
- c) Tendo actitudes de humildade e sinxeleza.
- d) Actuando dende o amor/caridade.

c) Desenvolvemento da capacidade de compromiso cristiano coas realidades sociais

- e de comparti-la experiencia relixiosa comunitaria a través dos sacramentos e doutras celebracións litúrxicas.
- potenciando a conciencia de pertenza á comunidade parroquial e ás fraternidades laicales mercedarias (Movemento Xuvenil Mercedario, Confradía da Mercé, Orde Terceira, etc.)
- facendo que os STOPS (momentos privilexiados de reflexión en clave de fe) sexan un medio de coñecemento dos valores evanxélicos e a favor da promoción da xustiza social e os dereitos humanos.
- tomando conciencia da importancia que ten o colexio como plataforma para a promoción e compromiso cos dereitos humanos, dende o coñecemento e loita pola erradicación das causas de pobreza e marxinação.
- asumindo compromisos que permitan ser solidarios coas situacións de cautividade do noso mundo, a través da presenza nos espazos públicos e privados onde se decide a sorte dos homes e das mulleres, especialmente dos pobres.

**DEUS NON FALA;
TODO FALA DE DEUS**

Julien SPEEN



**3.- Os valores, actitudes e comportamentos que
potenciamos no noso centro.
(O NOSO SISTEMA DE VALORES)**

* Dende o convencemento de que a crecenza da persoa (educación) fundaméntase nunha auténtica **educación en valores**, propoñémonos **educar “en e para”** os seguintes valores:

Valor	Actitudes
--------------	------------------

Amor/Caridade

O inexplicable do amor é que un
quera perderse polo outro e que
perdéndose saia gañando.



- ➔ Acollida, respecto, comprensión e tolerancia incondicional a toda persoa.
- ➔ Capacidade de perdón.
- ➔ Servizo e dispoñibilidade.
- ➔ Respecto mutuo.
- ➔ Buscar fórmulas de incorporación dos/das alumnos/as “**difíciles**” nas actividades programadas.
- ➔ Dominio de sí e ecuanimidade no trato.
- ➔ Quererse realmente e amosalo.

Xustiza

Establecemos regras
para os demais e
excepcións para nós.



- ➔ Rexeitamento de todo tipo de discriminación.
- ➔ Valoración, respecto e tolerancia ante as ideas, opinións e crenzas de todos/as.
- ➔ Disposición a dar a cada un o que lle corresponde.
- ➔ Axuda ás persoas máis febles para que sexan capaces de superarse e sentirse iguais ós demais.

Liberdade

É verdadeiramente libre
aquele que está sempre
disposto a morrer.



- ➔ Promove-la independencia, o desenvolverse sos/soas e a opinión propia.
- ➔ Fomenta-lo autocontrol e a aceptación das normas e límites que impón a convivencia.
- ➔ Fomenta-la toma de decisións e acadar responsabilidades.
- ➔ Liberdade respectuosa para cos demais.
- ➔ Capacidade crítica, coherencia e sensatez.

Solidariedade

**Só unha vida
VIVIDA
PARA OS DEMAIS
vale a pena ser vivida.**



- Sensibilidade ante os problemas dos demais.
- Colaboración, axuda e xenerosidade ante os problemas e necesidades das persoas.
- Sentimento social e comunitario.
- Tomar conciencia da existencia do outro.
- Rexeitar todo tipo de comparacións.
- Participación efectiva na realidade do outro.
- Esperta-la riqueza do pluralismo humano.
- Compromiso para a transformación da nosa sociedade.

Ledicia

**A LEDICIA É A
PEDRA FILOSOFAL
QUE TODO O
CONVERTE EN OURO.**





- Contemplación gozosa de todo o creado.
- Aceptación serena e gozosa das contrariedades da vida sen deixarse abater por elas.
- Predisposición ó gozo e afabilidade cos que nos rodean.
- Ofrecer e transmiti-la nosa ledicia ós demais.
- Ve-la vida con optimismo, capta-lo positivo.

Sinxeleza



**CANTO MÁIS POSÚE O
HOME, MENOS
POSÚESE A SI MESMO.**

- Recoñecemento e aceptación dos valores e limitacións propias e tamén dos valores e limitacións dos demais.
- Ofrecemento das cualidades persoais ós demais.
- Acollida respetuosa a toda persoa.

<h2 style="text-align: center;">Disponibilidade/ Servizo</h2> <p style="text-align: center;">A VIDA É PARA DÁLA</p> 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Valora-lo sentido do servizo e amor gratuito como signo de contradicción nun mundo competitivo e interesado. ➤ Predisposición a aceptar e ofrecer calquera servizo, prestándoo sen esperar nada a cambio. ➤ Aceptación e ofrecemento ó outro con espírito de colaboración. ➤ Predisposición a deixarse servir. ➤ Gratuidade no dar e no recibir.
<h2 style="text-align: center;">Paz</h2> <p style="text-align: center;">Hai un deber tan só, e é-lo perdón.</p> 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ De perdón e reconciliación. ➤ Aceptación dun mesmo e dos/das demais. ➤ Rexeitamento de toda forma de violencia: física, psicolóxica ou moral. ➤ Respecto ás normas de convivencia. ➤ Resolve-los conflitos dende o consenso e a mediación.

**4.- CÓMO ENTENDE O CENTRO O PROGRESO EDUCATIVO.
(OS NOSOS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS BÁSICOS)**

Coherentemente coa nosa perspectiva personalizadora (integral e liberadora) da educación e de as nosas finalidades educativas inscritas no ámbito do humanismo cristiano en clave mercedaria; entendémo-la aprendizaxe do alumno/a como un proceso de **maduración cognitiva, afectiva, social e da liberdade**, como un proceso de crecemento da persoa en tódalas súas dimensións.

Partimos da convicción de que todo crecemento nestes catro espazos da súa personalidade pon ó alumno/a en disposición de tomar opcións máis libres e conscientes **polos valores de transcendencia** que lle propoñemos incorporar na súa vida.

En consecuencia, deseñamo-los obxectivos de aprendizaxe de nosos/as alumnos/as en torno ós estándares de maduración que, en ditos catro campos, correspóndese coa idade evolutiva dos/das alumnos/as. Asumimos que as diversas áreas e asignaturas que conforman o currículo non son sino medios ou instrumentos para acadar esa madurez persoal. Así pois, ó deseña-los obxectivos de aprendizaxe en cada un dos ciclos e en cada unha das áreas, non nos preguntamos tanto qué ten que aprender un/unha alumno/a, senón máis ben qué efecto pretendemos que produza na maduración da súa personalidade aquilo que aprende.

1.- Madurez cognitiva. Entendemos que a madurez cognitiva vén determinada pola presenza dunha **estrutura mental** que actúa como referente de interpretación da realidade, e polo desenvolvemento progresivo dunhas **capacidades intelectuais** que lle permitan seguir aprendendo ó longo da súa vida e ser dono/a dun pensamento autónomo. Cremos que a madurez cognitiva prodúcese cando o/a alumno/a está capacitado para **“aprender a aprender”**. En consecuencia:

- a) Os contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais) organizaranse e estruturaranse de tal xeito que, poñendo a persoa do alumno/a como centro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, o/a capacite para integrar tódolos coñecementos dos distintos campos da ciencia e da cultura en torno ó ser humano e, en consecuencia a persoa se convirta en referente de interpretación de ditas realidades.
- b) Á vez, estamos convencidos de que se os coñecementos adquiridos non apenas relevantes na súa aprendizaxe. Por isto, dende o inicio da escolaridade no noso colexio ata o final da mesma, orientarase a ensinanza-aprendizaxe de tódalas áreas e materias ó logro de capacidades e destrezas intelectuais para que o/a alumno/a capte a información por si mesmo/a, para que realice las se transforman en capacidades para progresar no coñecemento, non serán complexas operacións de elaboración desas informacións e poida comunicalas con fluidez e precisión.
- c) Somos tamén conscientes de que para acada-la madurez cognitiva nos/as alumnos/as é necesario restituí-lo **estudo** ó lugar que lle corresponde: parece o eslabón perdido entre a ensinanza e a aprendizaxe, cando lle corresponde se-lo corazón de todo proxecto educativo. A adquisición de

coñecementos require un proxecto de estudo por parte do alumno/a, un proxecto que esixe tempo, paciencia e dedicación, pois non hai estudo sen **esforzo e responsabilidade persoal**.

**A LECTURA
fai ó home completo;
a CONVERSA,
áxil,
e o ESCRIBIR,
preciso.**



**A VERDADEIRA
EDUCACIÓN CONSISTE
EN OBTE-LO MELLOR
DUN MESMO.**



2.- A madurez afectiva. Simultaneamente, e a través da actividade de aprendizaxe, o/a alumno/a debe desenvolver estándares de maduración que correspondan á súa idade en canto á afirmación do eu ou crecemento da súa **autoestima**. Á hora, pois, de deseña-los obxectivos de aprendizaxe dos nosos/as alumnos/as, establecemos tamén metas progresivas, en función das idades, referidas a este campo. Así pois:

- a) Témo-la convicción de que eloxiando o **esforzo do alumno/a** e axudándolle a obter **vivencias de éxito**, fomentámo-la súa autoestima, evitámo-lo desalento e aumentámo-la motivación como fonte de aprendizaxe.
- b) Queremos procurar que descubran que o fracaso debe ser camiño para se superar, que hai que velo en positivo; fracasar non significa que as súas capacidades sexan escasas, significa que todavía non foron descubertas; fracasar non significa ser incapaz, significa oportunidade para mellorar e para ser capaz de reorienta-lo camiño vital.



¿QUE CHE IMPORTA
QUE CHE ASUBÍE TODO
O MUNDO
SE TI MESMO TE APLAUDES?

HORRADO



A primeira condición da
felicidade é que cada
un estea satisfeito
sendo o que é.

3.- A madurez social. En estreita relación co desenvolvemento afectivo, o/a alumno/a han desenvolver unha madurez social. Tal madurez apunta a obxectivos de equilibrada integración e creativa interacción social cos distintos círculos persoais cos que convive. Polo tanto:

- Ó propoñe-los obxectivos educativos por ciclos e áreas daremos importancia ó desenvolvemento de actividades en grupo, fomentando o traballo cooperativo, para que descubran que a consecución dunha meta require a colaboración e responsabilidade de todos/as.
- Favoreceremos todo tipo de saídas fóra da aula e actividades dentro dela que supoñan contacto co entorno e as realidades sociais que o rodean.

SÉ PERSOA,
E TRATA
ÓS DE MAIS
COMO PERSOAS.



© V. HERRERA

CONVÉN COÑECE-LOS DE MAIS
PARA COÑECERSE A UN MESMO.



© HERRERA

4.- A madurez da liberdade. No noso centro, como mercedarios, non entendémo-la educación simplemente como a acción dirixida ó modelado das condutas dos nosos/as alumnos/as, senon como unha acción de influencia dirixida a posibilitar que vaian facendo uso crecente e responsable da súa liberdade. En consecuencia:

- Fomentámo-lo equilibrio necesario entre **normas e liberdade persoal**.

- b) Concebímolas actividades escolares como un medio para o uso responsable da súa liberdade; así, propoñemos actividades de aprendizaxe que teñan posibilidades de varios modos de expresión e realización.
- c) Procuramos que fagan uso responsable da súa liberdade respectando a dos demais. Así mesmo favorecémola toma de decisións de forma libre e autónoma, asumindo as súas responsabilidades e consecuencias.



Por todo o anterior, o colexio articulará toda a súa ensinanza en torno a obxectivos coherentes entre si ó longo dos distintos ciclos e cursos, progresivos e adaptados á idade evolutiva dos seus alumnos/as nestos catro ámbitos de desenvolvemento.


Esta opción de aprendizaxe supón no **campo da avaliación:**

- a) Que o progreso educativo do alumno/a non se mida só tomando como referente os coñecementos adquiridos, senon en torno ós referentes de maduración antes aludidos.
- b) Desenvolver nos docentes a capacidade de avalialas actitudes humanas, de crecemento persoal e os propios procesos de aprendizaxe.
- c) Realizar una avaliación liberadora, equilibrada e xusta do alumno/a, na que se valoren ademais do dominio cognitivo, o seu nivel de maduración persoal, a capacidade de reflexión-acción e as actitudes que van conseguindo.



Do mesmo xeito, **os métodos de ensinanza** han de ser coherentes con estas intencións. O que supón:

- a) Desenvolver no equipo docente un compromiso de formación continua. Ter un espírito permanente de innovación e inquietude pola investigación educativa.
- b) Promover unhas actividades educativas que respecten as capacidades, ritmos, motivacións e intereses do alumno/a.
- c) Aplicar unha metodoloxía activa, constructiva, aberta e flexible, que fomente a iniciativa, a creatividade, o espírito emprendedor, a búsqueda persoal e a aprendizaxe significativa.
- d) Proporcionar e potencia-la axuda pedagóxica necesaria para integrar ós/ás alumnos/as que presenten calquer tipo de necesidade educativa.



A adopción deste modelo de ensinanza-aprendizaxe esixe o compromiso activo da comunidade educativa do centro.

5.- DESCRICIÓN DA SITUACIÓN. (*CÓMO NOS VEMOS*)

As finalidades ou obxectivos xerais expostos anteriormente son para nosoutros o referente de valoración da realidade do noso centro e do seu

entorno. Á luz de tales obxectivos lemos e interpretámo-las circunstancias concretas do mesmo que nos conduzan a avaliar e a discernir cáles son as áreas de atención preferente na acción educativa. Con este criterio levamos a cabo o estudo de situación do noso centro coa finalidade de detectar cáles son aqueles ámbitos educativos que demandan unha dedicación prioritaria na nosa planificación. Do estudo realizado deducímo-las seguintes **orientacións**:

1.- **O entorno urbano do noso colexio** é o correspondente a un distrito de clase media-media e, en parte, media-alta. Detectamos, sen embargo, que a influencia na educación dos nosos/as alumnos/as non procede tanto do específico e estricto ámbito xeográfico e socioeconómico no que está situado o colexio, que non presenta un cadro de problemas específicos ou diferenciados doutros ambiente similares, en canto ó clima de valores, estilos de vida e vivencias sociais presentes na sociedade urbana.

Constátase que o sistema de valores dende o que pretende orientar a súa acción educativa o colexio, non só non é coincidente co sistema de valores promovido pola sociedade na que está inserto, senon que, en moitos casos, é claramente diverxente, cando non contraposto.

Por outra parte, aproximadamente o 49% do alumnado non procede da zona de influencia do centro (outras zonas da cidade e incluso da comarca), o que fai que o contexto socioeconómico e productivo exerza una influencia non positiva de cara á nosa proposta educativa, situación que se manifesta no acceso ós estudos de bacharelato (nivel non concertado) e na participación de actividades extraescolares e servizos complementarios nos niveis concertados.



2.- No marco do descrito entorno xeográfico e socioeconómico, sitúase o **entorno familiar dos nosos/as alumnos/as**. Familias formadas por profesionais, pequenos empresarios, funcionarios e obreiros cualificados por conta allea, na súa maioría cun nivel aceptable de formación académica e nas que progresivamente se vai incorporando a muller ó mundo laboral exterior ó fogar.

Confrontando a realidade familiar dos nosos/as alumnos/as coa posibilidade de alcanza-las nosas finalidades educativas advertimos que existen determinadas carencias que condicionan a eficacia do labor formativo escolar. Resaltamos, entre outras, as seguintes:

- a) Constátase que, se ben **acostuma haber comunicación fluida** entre pais/nais e profesores/as, son cada vez máis os casos nos que falta colaboración e acordo, entre pais/nais e profesores/as, para planificar estratexias de mellora na educación e a aprendizaxe dos seus fillos/as.
- b) O **clima familiar de baixo nivel de esixencia e esforzo**, favorecido polas culturas dominantes, limita notablemente a posibilidade de alcanzar mellores rendementos na aprendizaxe.
- c) A esta falta de esforzo contribúen tamén **actitudes excesivamente pragmáticas**, nalgunas das nosas familias, polas que se tende a valorar máis o éxito académico que o esforzo, as calificacións máis que o progreso na aprendizaxe.
- d) Unha das dificultades determinantes para alcanza-las finalidades educativas que se propón o colexio é a **escasa identificación da familia cos valores** que propón o modelo educativo do centro.
- e) Cada vez notamos máis as consecuencias no alumno/a dunha **desestructuración familiar** (familias monoparentais, separacións, etc.), que lles impide manter un equilibrio emocional e afectivo.
- f) Apreciamos tamén unha falta de interese e información, cada vez maior, nos pais/nais dos nosos/as alumnos/as, que se reflicte na **escasa participación en reunións** e na propia Asociación de Nais y Pais de Alumnos/as.


3.- Polo que respecta ós **servizos complementarios, actividades complementarias e extraescolares** o centro ten conciencia de rentabilizar ó máximo as súas disponibilidades.

O labor de atención ós/ás alumnos/as con necesidades especiais de aprendizaxe e, en xeral a atención á diversidade, áreas ás que o colexio é especialmente sensible, estase levando a cabo dun modo satisfactorio co profesorado de apoio dedicado a actividades de reforzo con estos/as alumnos/as. Non obstante sempre son necesarios máis recursos humanos e materiais.

As actividades extraescolares destinadas a completa-la formación integral dos nosos/as alumnos/as teñen unha ampla oferta, fundamentalmente en catro

ámbitos: no campo do tempo libre e profundización da formación humano cristiá a través do Movemento Xuvenil Mercedario e a Cofradía da Mercé; no campo do académico, a través das que organiza o propio colexio (inglés e informática); no campo da educación física e o deporte, actividade á que o colexio dedica desde as súas orixes unha atención preferente, a través do Club “Tirso de Molina”; e, finalmente, no campo da formación complementaria a través das actividades que organiza a A.M.P.A.

Por outra parte constatamos que se debe facer un maior uso de laboratorios e talleres, que están ben dotados, así como profundizar no campo da orientación psicopedagóxica para poder ofertar opcións acordes coas demandas reais dos alumnos/as e coas necesidades da sociedade.



4.- Os/as educadores/as do centro, cun bon nivel científico respecto ás materias ou áreas que imparten e cunha boa, pero mellorable, preparación pedagóxica e didáctica, **tratan de proporcionar unha atención personalizada ós seus alumnos/as** – aspecto nuclear da nosa pedagogía e do noso proxecto educativo -, tanto a través dos seus correspondentes labores docentes ordinarias como a través da acción específica das titorías.

O centro concede **especial importancia ó labor titorial**, polo que nos cursos de bacharelato figuran dous tutores/as por aula, para unha maior relación e comunicación cos/as alumnos/as e as súas familias. Non obstante a titoría é cousa de todos, é dicir, tódolos/as profesores/as do grupo participan da acción titorial.

Entenden os/as educadores/as, non obstante, que no feito de la calidade educativa incide de forma especial e prioritaria o nivel de motivación que, como profesionais, poidan alcanzar no exercicio diario do seu labor. Tal motivación debería alcanza-la máxima identificación dos/as educadores/as coa misión evanxelizadora da nosa escola. Para isto, advírtese a necesidade dunha formación sistemática e continua e dunha maior implicación na vida do centro.

Por outra parte, maniféstase a **necesidade de programar coordinadamente** (tanto vertical como horizontalmente) as ensinanzas e de **incrementa- lo traballo en equipo** coa fin de alcanzar maior eficacia na acción educativa do centro e dotalo dun estilo propio. Detéctase tamén a necesidade de utilizar recursos que permitan **integrar ós/ás pais/nais nos procesos educativos dos seus fillos/as**.



5.- Polo que respecta ó **exercicio da función directiva**, valóranse como prioritarias aquelas accións dirixidas a definir e soste de forma clara os obxectivos xerais do centro a corto, medio e longo prazo; a dinamiza-lo equipo para o logro destas metas, e a cohesionalo para configurar unha verdadeira comunidade educativa.

Así mesmo, entenden que facilita-la participación dos membros da comunidade educativa nas tomas de decisión que lles afectan, garantindo os obxectivos de calidade do Proxecto Educativo e, segundo os ámbitos que a cada grupo lle corresponde, ha de se-lo medio para a creación e articulación desta comunidade educativa.

Por último, estiman que unha misión prioritaria da función directiva debe se- la **planificación de actividades educativas** (previsión de metas a alcanzar, adecuada distribución no tempo, mecanismos de avaliación de logros...).

Non obstante, e sempre tomando como referente as nosas máis específicas finalidades, estimamos que se ten que prestar, ós nosos/as alumnos/as, unha atención especial a aqueles outros obxectivos que se manifestan máis deficitarios na análise da situación, tanto no campo dos valores cívicos, humanos e evanxélicos como no desenvolvemento dun maior nivel de coñecementos e de destrezas intelectuais e instrumentais, así como na autoafirmación progresiva de eu.

6.- OBXECTIVOS PRIORITARIOS. (AS NOSAS PRIORIDADES)

Polo tanto, o colexio prestará unha atención especial, e durante o tempo que sucesivas avaliacións o aconsellen, a consecución dos seguintes **obxectivos**:

*** Para os alumnos/as:**

1.- Que interioricen progresivamente os valores de sociabilidade e cultiven as correspondentes actitudes de respecto, tolerancia, solidariedade comprometida, loita pola xustiza e liberdade responsable.

2.- Que vaian adquirindo progresivamente un alto nivel de autoestima, de autonomía persoal e de equilibrio emocional.

3.- Que a través dun proxecto de estudo, que supón esforzo e responsabilidade persoal, vaian mellorando, dun modo progresivo, o nivel de coñecementos, destrezas intelectuais e instrumentais ó termo de cada curso, ciclo ou etapa.

*** Para os profesores/as:**

1.- Que intensifiquen a profundización e identificación coas finalidades educativas que emanan do Proxecto Educativo de Centro.

2.- Que incrementen o espírito e a práctica de traballo en equipo, de maneira que se leve a cabo unha programación, unha execución e avaliación coordinada e permanente dos labores educativos.

3.- Potencia -la programación de planes sistemáticos de formación, de actualización e de profundización nas áreas prioritarias, segundo as finalidades do centro e as necesidades de mellora deste.

*** Para os pais/nais:**

1.- Potencia- la identificación da familia cos valores que propón o modelo educativo do centro, incidindo nun maior clima de esixencia e de esforzo ante o estudo.

2.- Crear máis espazos de encontro e colaboración entre pais/nais e profesores/as para armoniza-las accións educativas; establecendo obxectivos comúns de actuación, estratexias mancomunadas e procedimentos de avaliación.

3.- Intentar que valoren máis o que os seus fillos/as aprenden que as cualificacións, máis o esforzo que o éxito inmediato.

Nesta liña de intencións prioritarias, o centro organizará os seus planes de actuación estratéxica, a través do Proxecto Curricular de Centro e o Plan Xeral Anual, establecendo metas progresivas, sinalando os procesos e utilizando os instrumentos permanentes de avaliación que permitan unha adecuación entre fins e medios e introduci- las melloras pertinentes.



7.- PAUTAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO DO CENTRO. (CÓMO NOS ORGANIZAMOS)

A finalidade que persigue o Colexio "Tirso de Molina" e o modelo educativo que oferta a sociedade esixen, ineludiblemente, que os distintos membros e grupos (entidade titular, profesores/as, persoal non docente, alumnos/as,

pais/nais ou titores legais dos alumnos/as) se configuren como **comunidade educativa cristiana**.

Esforzámonos por formar **comunidade educativa de inspiración mercedaria**. Só dende unha comunidade educativa pode educarse para o **comunitario**, de modo que se supere el aillamento e o individualismo, egoísta e estéril, para o ben común, para a convivencia e a liberación-promoción das persoas.

Na comunidade educativa cada un/unha, dende a súa función e responsabilidade, esfórzase por asumir los valores que emanan do carisma mercedario: liberdade, xustiza, solidariedade, amor e verdade.

Procuramos que a comunidade educativa se desenvolva, na medida das nosas forzas e posibilidades, coa participación de todos/as, e en clima de **“somos familia, colabora”**. Para isto fomentaremos e promoveremos: unha boa información, a corresponsabilidade, o traballo cooperativo, a comunicación explícita e a reflexión sobre a nosa identidade mercedaria, a fin de que tódolos membros da comunidade educativa a tomen como propia.

Por todo o anterior, ademais de asumir como propias as pautas e as estruturas prescritas polas Administracións Educativas, adopta aquelas que considera máis pertinentes en orde a conformar dita comunidade.

1.- A entidade titular.

A Orde da Mercé-Provincia de Castela é a entidade titular do colexio. Asume, como tal, a responsabilidade da creación do centro e do mantemento dos fins últimos deste, enunciados no presente Proxecto Educativo. En consecuencia asume **a última responsabilidade** ante a Igrexa, ante os poderes públicos, ante a sociedade e ante tódolos membros da comunidade educativa.

A entidade titular, en tanto que empregadora, entende e asume os dereitos e deberes das relacións laborais non como simples relacións contractuais, senon como medios necesarios para facilitar ás persoas contratadas o pleno cumprimento da súa **vocación orixinal: a secularidade**. Con espírito comunitario, pois, as decisións propias deste campo terán sempre presente a colaboración, para que os distintos membros leven a cabo as funcións propias dirixidas á perfección do seu estado (a familia ou o celibato) e o “compromiso temporal”.



2.- A dirección do Centro.

O/a directora/a representa oficialmente ó colexio, é o responsable do cumprimento das normativa vixente e orienta e coordina toda a actividade do centro con vistas ó logro dos obxectivos do presente Proxecto Educativo.

Se ben o seu nomeamento e o seu cese corresponden ó Consello Escolar a proposta da entidade titular, esta terá especialmente en conta as consideracións e propostas do conxunto do equipo docente, elemento nuclear da comunidade educativa, chamado a tomar parte nas decisións que lle afectan.

A función directiva poderá ser exercida por calquer docente membro da comunidade educativa (religioso ou laico/a) que reúna as condicións legais e as de idoneidade para o cargo estimadas pola entidade titular.

Co mesmo criterio, a proposta do director/a, producirase o nomeamento e cese do resto dos membros do equipo directivo, incluíndo os/as xefes/as de estudo, o/a secretario/a, o/a administrador/a e responsable de pastoral.

O/a director/a, así como o resto dos membros do equipo directivo, dispón do espazo de autonomía propio do exercicio das funcións que se lles sinalan no regulamento de réxime interno, tanto en relación coa entidade titular como en relación cos demais órganos colexiados do centro.

3.- O consello escolar.

Independentemente da composición e das atribucións de control e xestión que a normativa vixente establece para o Consello Escolar, o colexio desexa poñer en primeiro plano as funcións de **participación**, co fin de que se visualice nel o espírito de **comunidade**, eixo central da nosa proposta organizativa.

Para iso é necesario que a entidade titular e a dirección do centro, como membros de dito Consello, manteñan claros nel, de forma permanente, os obxectivos e finalidades do centro, que os membros de cada sector exerzan unha representación real e operante, e que estean claramente definidos cáles son os temas dos que os distintos representantes deben ser informados, cáles son aqueles sobre os que han de ser consultados e cáles os que van ser decididos polo conxunto dos membros do Consello.

4.- Os/as profesores/as.

Os/as profesores/as-educadores/as son o núcleo da comunidade educativa do noso centro. Se esta, ademais, ha de ser cristiá en clave mercedaria, suponse que é lexítimo que o colexio demande deles/as unha **identificación básica** cos valores xerminais do seu Proxecto Educativo cristián. A este respecto, o colexio fai seu o recoñecemento do dereito á **liberdade de cátedra** do profesor/a (Constitución Española, Art.5.3), pero entendendo que tal dereito está subordinado e é dependente do dereito dos pais/nais a elixir-lo modelo educativo e do da entidade titular a dirixir un proxecto fundamentado nuns determinados valores. O/la profesor/a contará coa autonomía suficiente para o exercicio da súa liberdade profesional, garantindo a coordinación curricular e a eficacia académica e educativa. A entidade titular, a dirección e o equipo docente velarán para evitar calquer tipo de intromisión de calquer outro axente externo en dito espazo de autonomía.

O profesorado participará, pois, na determinación dos obxectivos instrumentais para alcanza-os fins do Proxecto Educativo, na toma de decisións acerca das estratexias máis adecuadas para alcanzar aqueles, e na avaliación dos logros conseguidos.

A opción de vida pola secularidade dos/as profesores/as laicos/as non constitúe limitación ningunha para acceder a funcións de dirección e de administración do centro, á dirección de actividades diversas de pastoral ou a calquera outro labor propio da vida do colexio.

Dentro do espírito comunitario, a entidade titular tomará en conta as consideracións e propostas do equipo docente e do persoal non docente ante os cambios de estatus ou cambios estruturais que deba acomete-lo centro, tendo sempre en conta o ben común, dentro das finalidades últimas da institución e do colexio.

Constitúen tarefas típicas do profesor/a do noso centro, ademais das propias da dirección do progreso de aprendizaxe do alumno/a, tal como quedou definido no presente Proxecto Educativo, o labor de orientación do alumno/a, independentemente de que exerza ou non responsabilidade titorial, e o labor de integración dos pais/nais de alumnos/as nos procesos educativos, dacordo coas fórmulas que o centro articule a tal efecto. Así mesmo, debe entenderse que, asumida a delegación da Igrexa e da institución ante os seus alumnos/as, o/a profesor/a incorpora ó conxunto das tarefas propias a dirección daquelas actividades curriculares ou extraescolares que o colexio organice dentro da súa misión evanxelizadora.

O profesorado disporá de medios para a súa **formación permanente**, tanto no ámbito profesional como no ámbito referido ás finalidades últimas do centro, de acordo coas necesidades detectadas no colexio e de acordo coas súas posibilidades reais. O noso centro incorpórase ós programas de

calidade educativa promovidos dende instancias corporativas da escola católica.

Os horarios de actividades académicas e complementarias estableceranse sempre tendo en conta o bien maior dos/as alumnos/as. Calquer outro interese de pais/nais, profesorado ou entidade titular se subordinará a aquel.

Por todo anterior, os/as profesores/as deben confirmar coa súa vida aqueles valores e actitudes que transmiten coa palabra, ó tempo que participan na vida do centro de forma consciente, creativa e con sentido de pertenza. Son mediadores/as cualificados no proceso de maduración e crecemento persoal do alumno/a.



5.- Os/as alumnos/as.

A persoa do alumno/a no proceso de formación integral é o eixo central de toda a actividade educativa do noso centro.

Ademais dos dereitos e deberes que se lles recoñecen a todos/as na lexislación vixente, o noso colexio asigna dereitos preferentes ós/ás alumnos/as con algún tipo de necesidade educativa. A este respecto, e dentro das posibilidades do centro, cobrarán especial importancia os

programas de apoio e reforzo e, en xeral, todas aquelas actividades reguladas e non reguladas destinadas á compensación de carencias de diversa orixe

O centro recoñece e respecta a liberdade de conciencia dos seus alumnos/as, as súas conviccións relixiosas e as súas conviccións morais. Dende ese respecto, sen embargo, o centro, definido como católico e mercedario, proporciona unha educación fundamentada na mensaxe evanxélica e os valores humanos que dela se derivan. Articula as súas ensinanzas e organiza as súas actividades en torno a dita mensaxe e valores, e, en consecuencia, o/a alumno/a ten o deber de respectalos.

O colexio, ademais de garantir un clima xeral de presenza dos valores anteriormente sinalados, oferta ós/as alumnos/as que así o desexen uns espazos de profundización e uns espazos de compromiso cristián en clave mercedaria, a través do Movemento Xuvenil Mercedario e a Cofradía da Mercé.

Co fin de integrar ós/ás alumnos/as na comunidade educativa e en función da súa idade, o centro organiza estruturas de participación que lles permitan propoñer actividades, canaliza-las súas opinións, propoñer solucións ós distintos problemas que xurdan na vida colectiva e posibilita-la iniciativa e a creatividade.

Os/as alumnos/as deben disfrutar e vivir, no seo da comunidade educativa, as actitudes e os valores humanos que máis tarde han de vivir na sociedade, co seu testemuño e participación activa.



6.- Os/as pais/nais.

Os pais e as nais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as, animan, sosteñen e colaboran na tarefa formativa mediante un diálogo permanente cos profesores/as; ó tempo que participan en todas aquelas actividades e sesións informativa que redunden nunha mellor formación de seus fillos e fillas. A normativa vixente establece outras vías de participación a través dos representantes de pais/nais no consello escolar e a través da asociación de nais e pais de alumnos/as.

Sen embargo, e coa finalidade de establecer canles de participación operativas nos procesos educativos escolares de seus fillos/as, o centro establecerá un programa de comunidades de aula no que pais/nais e profesores/as, en reunións periódicas programadas, establezan obxectivos de formación, acorden compromisos sobre estratexias de actuación e avalíen os resultados en relación con aqueles.

Tanto os representantes dos/as pais/nais como o resto da comunidade escolar terán presente que, á hora de aborda-los distintos problemas que poidan xurdir no centro, hanse de guiar polo principio de respecto ó labor profesional dos/as educadores/as dos seus fillos/as; polo principio de subsidiariedade, de tal maneira que os problemas individuais non se deben converter en problemas colectivos; polo principio de xerarquía, que conduce a aborda-los problemas seguindo vías ordenadas e polo principio de cooperación, que dá prioridade ó diálogo sobre o conflito.

Os/as pais/nais, a través da súa asociación, dispoñen dun espazo de autonomía para planificar e levar a cabo actividades propias dos fins da mesma no marco dos obxectivos do presente Proxecto Educativo. O centro contribuirá cos medios de que dispoña en cada momento a facilita-la realización deses fins.



En consecuencia, a **xestión do centro baséase nos seguintes principios:**

- a) A **autoridade necesaria** para construír e mante-la unión de ideais, para guiar e coordina-la acción educativa.
- b) A entidade titular fomenta a **comuñón** de tódolos membros da comunidade educativa.
- c) A **coordinación** como espazo de comuñón, participación e acción:

1. **Espazo de comunión:** unidos, na pluralidade, por un novo modo de ser e actuar en liña de liberación evanxélica.
2. **Espazo de participación:** donde todos/as somos suxeitos activos da nosa historia persoal e colectiva. Donde todos/as somos protagonistas na tarefa educativa.
3. **Espazo de acción:** un lugar onde poidamos proseguir a acción de Xesús que ofrece ó mundo os sinais do seu Reino y da paz que está chegando. Lugar de accións educativas liberadoras.